

01	Operario Servicios múltiples, asimilado AP
01	Peón de servicios múltiples , asimilado AP (Vacante)
01	Limpiador edificios, asimilado AP (Desempeñada por interino)
01	Encargado/a Punto de Atención a la Infancia (P.A.I), Técnico Medio
01	Personal de apoyo del Punto de Atención a la Infancia (P.A.I).

C) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Informador Juvenil
01	Técnico de Explotaciones Agrícolas
01	Agente de Empleo y Desenvolvimiento Local
04	Auxiliares de Ayuda a Domicilio
02	Socorristas Piscinas
02	Brigada Obras (2 peones)

De conformidad con lo preceptuado en el art. 171.I del R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra la aprobación definitiva del presupuesto municipal se podrá interponer directamente recurso contencioso administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en la forma y plazos que establecen las normas de la jurisdicción contencioso-administrativa.

Guntín, 03 de enero de 2017.- El Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0028

LUGO

Anuncio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público faise público:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.
- c) **Número de expediente:**
- d) **Dirección de Internet do perfil do contratante:** www.lugo.gal

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo:** servizos

b) **Descrición:** O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de mantemento, conservación, substitución e reparación integral (materiais e man de obra incluídos) dos elementos de xogo das áreas de xogos infantís municipais que se enumeran no ANEXO I do prego de condicións técnicas, e as que se instalen nos parques, xardíns e zonas verdes públicas, así como o mantemento das superficies das ditas áreas incluído céspede artificial, solos, areeiros e pavimentos continuos de seguridade ou non das ditas áreas, mantemento, conservación e reparación de cerramentos perimetrais e carteis informativos

c) **Lotes:** NON

d) **CPV:**

7313000-7 Servizo de mantemento de parques.

77314000-4 Servizo de mantemento de terreos.

e) **Acordo marco:** NON

f) **Medio de publicación do anuncio de licitación:** DOUE, BOE, BOP e perfil do contratante.

g) **Data de publicación do anuncio de licitación:** DOUE de 28/05/2016, BOE de 09/06/2016 e BOP de 02/06/2016

3.- Tramitación e procedemento.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- Valor estimado do contrato: 545.454,54 euros.

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

82.644,63 euros máis o IVE (21%). Total 100.000 euros IVE incluído.

6.- Formalización do contrato

a) **Data de adxudicación:** 07/12/2016

b) **Data de formalización:** 30/12/2016

c) **Contratista e N.I.F.:** LAPPSETT ESPAÑA VR S.L (NIF:B-60961554).

d) **Importe da adxudicación:** a primeira anualidade para os traballos de mantemento e conservación integral de 55.599,17 € polo que sumado o IVE (21%) de 11.675,83 euros resulta un total de 67.274,00 euros IVE incluído, **así como unha baixa do 25% respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas.**

e) **Vantaxes/Melloras oferta adxudicatária:**

O adxudicatario comprométese a executar as melloras anuais ofertadas e valoradas economicamente, sendo o seu resumo económico o seguinte:

PERÍODO	EUROS EN MELLORA TOTAL ANO (IVA INCLUÍDO)
1er Ano	15.035,32 €
2º Ano	14.316,64 €
3er Ano	14.316,64 €
4º Ano	10.880,00 €
5º Ano	10.880,00 €
6º Ano	10.880,00 €
TOTAIS	76.308,60 €

Lugo 30 de decembro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA, Ana Prieto Nieto.

R. 0029

PARADELA

Anuncio

Información pública

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2016, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas e lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 2º semestre do exercicio 2016, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económicoadministrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Paradela, 29 de decembro de 2016.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz

R. 0030